


Documento distribuído por  
 culturagalega.org

# Flavio ou a democracia feminina

Artigo de Kathleen March (2008)



**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**  
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tel: +34 981 957 202/ Fax: +34 981 957 205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

## FLAVIO OU A DEMOCRACIA FEMININA

Kathleen March

Universidade de Maine (EE.UU.)

*Flavio*, a segunda novela da Rosalía de Castro, foi publicada en lingua castelá en 1861, nun momento en que o romantismo español estaba perdendo ou xa perdera forza. Na Galiza, ademais, o Rexurdimento estaba perto e circulaban moitas ideas innovadoras encol da cultura e política. En marzo de 1856 celebrábase o ‘banquete democrático de Conxo’. O banquete xuntou a estudantes e operarios e entre os asistentes, din algúns, estivo Rosalía. Polo menos ela asistira ao progresista Liceo da Xuventude, lugar onde estiveran ou estaban algúns dos participantes de Conxo. O concepto de democracia, dos dereitos dos diversos grupos sociais, debeu significar tamén a cuestión dos dereitos da muller para esta escritora.

Polo importantísimo limiar e polos acontecementos da trama da primeira novela de Rosalía, *La hija del mar*, sabemos que os dereitos da muller tiñan relación coa literatura e a capacidade ou liberdade de ser unha muller partícipe activa e igual no eido literario. Quer dicir que nesa primeira novela, Teresa – a nai de Esperanza, a filla do mar – é poeta que fai versos (e supostamente tolea) fronte ao mar bravío. É importante a relación *loucura – escrita – muller*, que resulta nunha imaxe de illamento e sofrimento psicosocial, aínda que ironicamente Teresa estea situada fronte ao inmenso mar aberto. O mar, na simboloxía tradicional, tamén representa o feminino. Desto enténdese con certa ironía que Teresa, como muller decidida e creativa, sexa calumniada ou, cando menos, non comprendida. Non obstante, non vive inutilmente e a súa meirande virtude é a vixilancia que lle brinda á filla aínda tendo que ocupar un status marxinado.

*Flavio*, novela situada nun espazo moi diferente, cunha gama distinta de personaxes urbanos, nembargantes inclúe algúns elementos semellantes e de preocupación continuada para Rosalía. Mara, a protagonista, é unha muller que aínda sendo moi nova comprende ben o que ela chama ‘os usos da sociedade’, por non dicir, ‘o qué dirán’. Comprende – e denuncia, con só quince anos de idade – o comportamento dos homes dentro desa sociedade na que lle toca vivir. Para denunciála mesmo ten que se opor ás mulleres e por tanto adquire un status illado, incomprendido, cásque de orfa como o de Teresa. A súa madurez é sorprendente; a causa dela non é revelada. Cecáis teña algo que ver co feito de ela ser escritora (clandestina, xa que logo, aínda que non fronte ao mar senón dentro da súa habitación e de noite). Como Teresa, traballa soia coas palabras, non como fai con agulla e fío, por ser este o seu traballo feminino, público e aprobado pola sociedade que a vixía constantemente. Aparenta actuar como ‘anxo do fogar’ como no coñecido poema de 1854 de Patmore, mais non consegue pensar como anxo. O mesmo Murguía diría, anos despois, que a vida da súa dona non fose de interese para ninguén, como querendo facer da escritora un anxo do fogar vitoriano.

Mara é consciente do que pasa o redor dela e coidadosa do que lle poida pasar como muller, de non acatar as normas sociais en todo momento. De aí a súa inxenuidade: non sabe que aínda seguindo as normas, unha muller pode cometer erros ou mesmo *ten que* cometer erros só polo simple feito de ter nado muller. Repetidas veces, xa se subliñou, ela afirma a existencia dos costumes da sociedade e di que comprende os perigos que se lle presentan á toda muller. Ao mesmo tempo, e como forte contradición non resolta na novela, Mara loita contra eses costumes en diversos diálogos nos que reafirma súa postura progresista/liberal encol das relacións entre homes e mulleres. O non quer contradicir as normas sociais non significa o estar ela de acordo con elas. Non obstante, hai factores que a

protagonista, por perspicaz que sexa, non pode eliminar e que están baseados no poder que a sociedade lle concede ao home, a tódolos homes. Mesmo as outras mulleres, as da xeración anterior como a súa nai e a criada María, quérena mais manteñen a discriminación contra seu propio sexo. Non se afirma nunca abertamente, mais é isto unha traizón que resulta fatal para a protagonista. Mara simplemente está adiantada de máis para seu tempo para poder levar a cabo o obxectivo de ter voz e voto nunha relación cun home.

Rosalía de Castro como escritora tamén experimentou algo semellante. As ideas feministas e democráticas – subliñamos o termo - de *Flavio* foron expresadas en parte coa linguaxe ou códice do romantismo. Cremos que a autora empregou, moi a consciencia, ese estilo cos seus excesos, individualismo narcisista e ironía nun momento definitivamente posterior ao auxe desa modalidade literaria. Flavio, o protagonista e suposto amante (nótese o irónico do termo) de Mara, é arrogante, egoísta e afeccionado ao luxo. Por moito tempo Mara rexeita este pretendente infantil e esaxerado e mesmo o define como tal. Tamén o fai a voz narrativa, na repetición de ‘como un niño’, ‘arrogante’ e outros termos negativos. Así a perspectiva da persoa que narra (e que nos parece ser muller polo ton e a perspectiva próxima a Mara), malia utilizar unha ironía finísima, non o fai na tradición romántica senón feminista. Faino construindo un sutil xogo entre a descrición da personalidade e as accións de Flavio. Tamén a descrición das relacións e diálogos entre os dous amantes e os comentarios sobre a comunicación entre homes e mulleres en xeral tecen un espazo literario non pequeno, cheo de ambigüidades arredor das que o lector ou lectora sitúase para interpretar a actitude cara cada un dos protagonistas.

O resultado desa ironía, que en realidade pertence ao coidadísimo posicionamento da voz narrativa do incipiente feminismo decimonónico, é que o público lector tradicional e de perspectiva masculinista non se decatara da intención autorial no momento de publicarse a

novela. A intención autorial de *Flavio* era unha postura literaria – e galega, a pesares do emprego do castelán – moi atrevida para o momento. De feito, tardaría anos en ser identificada a novela, non como obra dun romantismo trasnoitado como dicían Otero Pedrayo e outros, senón como parodia dese mesmo estilo literario, estilo e grupo cuxas ideas Rosalía vira como pouco democráticas no que se refería ás relacións entre os dous sexos.

Por estas razóns, *Flavio*, a pesares de conter referencias ás grandes figuras masculinas do romantismo, de mostrar un estilo apaixonado e axitado, tanto nos diálogos como nos acontecementos da novela como desmaios, intentos de suicidio ou grandes ciumes, non pode en absoluto reducirse á historia dun amor fracasado. É unha obra que identifica un problema base da sociedade con certos ‘usos’ inxustos para un dos sexos e pon en primeiro plano os resultados desa condición limitadora. Cando unha sociedade permite ou até esixe que a muller acepte as regras deste xogo como naturais, non xoga nun terreo de igualdade. O que lle pasa a Mara é proba de cómo os homes infantís como Flavio (e cumpriría preguntarnos como é que un home pode ser adulto e neno ao mesmo tempo, porque así se lle chaman a novela) acabarán destrozando a vida das mulleres. Aínda que elas sexan maduras, capaces de analizaren e expresaren o que senten, os costumes acoutan terriblemente as alternativas delas, como no caso de Mara, causándolles ao final dor e amargura. E máis aínda: Mara, mesmo por mor da súa dúbida, porque non se mantén nos seus principios, presionada ou traizoada como está pola sociedade – perde a batalla dos sexos. Poderíase argumentar que ela é coqueta, xa que os lectores tenderán a crer que os resultados non poderán ser tan inxustos e algúns terán que buscarlle algún defecto para ter ela merecido o destino que ten. O texto suxire esta posibilidade ao insertar unha referencia ao coqueteo de Mara, mais non resulta clara esa característica, sobre todo se pensamos que é

acusación de outros personaxes. A voz narrativa non parece moi convencida da verdade dese defecto senón que máis que nada reflicte o que se di, o que se rumorea.

Sobre todo Mara dubida, é, ao remate, débil e así perde a voz á que dera expresión ao comezo, nas sesións nocturnas cando escribía soia. Por non manterse firme, acaba sendo vítima, moldeada polas malas palabra dos demais e sobre todo polas do suposto amante apaixonado e ‘sensíbel’: Flavio. Notemos que o protagonista, o viaxeiro alleo á sociedade de Mara, acaba adquirindo máis amigos, apoio e información que ela e, así, consegue manter o seu estatuto de poder. Este estatuto ven acompañado do dereito de castigar, en fin, de ser todo o cruel que lle pareza, simplemente porque Flavio é home.

A reivindicación do público lector actual desta novela é sumamente importante. Significará recoñecer por fin que Mara tiña razón, que o tradicional heroe romántico representado pola figura dun Flavio e outros anteriores a el era moi *mal* amante e por tanto non merecía compaixón de ninguén. Rosalía de Castro, xa en 1861 (e antes tamén) tiña unha sólida idea posromántica da pexa que significara a estética e a política deste estilo masculinista para a democratización sexual. O que a súa admirada George Sand fixera na súa vida persoal, Rosalía fixo na súa segunda novela, no clarividente discurso da protagonista a quen case ninguén quixo facer caso até finais do século XX.

## Bibliografía

Blanco, Carmen (2002). Unha aproximación integral á figura de Rosalía de Castro. *Moenia: revista lucense de lingüística & literatura*, No. 8, p. 3-11.

Castro, Rosalía de (1861). *Flavio*. Madrid: Aguilar, T. II. Ed. de V. García Martí, 1994, p. 203-473.

Davies, Catherine (1987). *Rosalía no seu tempo*. Vigo: Galaxia.

García Negro, María Pilar (1986). “Rosalía á luz de Mara”. *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu Tempo* (1985). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, p. 73-80.

March, Kathleen. *De musa a literata. El feminismo en la prosa de Rosalía de Castro*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1994.

Murguía, Manuel Martínez (1886). *Los Precursores*. A Coruña: Latorre y Martínez Editores, Biblioteca Gallega.

Nodding, Nel (1991). *Women and Evil*. Berkeley & Los Angeles: University of California Press.

Otero Pedrayo, Ramón (1969). “El planteamiento decisivo de la novela romántica en Rosalía devCastro”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 24, fasc. 72-74, p. 290-314.

Patmore, Coventry. “The Angel in the House”.  
<http://www.gutenberg.org/dirs/etext03/anghs10.txt>

Ríos-Font, Wadda C. "From Romantic Irony to Romantic Grotesque: Mariano José de Larra's and Rosalía de Castro's Self-Conscious Novels." *Hispanic Review*, 65:2 (1997 Autumn), pp. 177-98.

Rodríguez Sánchez, Francisco (1988). *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro*. Vigo: AS-PG.

Stevens, Shelley (1986). *Rosalía de Castro and the Galician Revival*. London: Tamesis.

<<http://w3.coh.arizona.edu/divergencias/archives/primavera2005/castro.pdf>>